




FERVENZA/CASCATA DE PINCÃES

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 2 km (ida e volta)

Dificultade: baixa

Duración: 1 hora



Unha pequena ruta no Parque Nacional da Penega-Gerês. O rego de Pincaes baixa da serra do Gerês para unirse ao Cávado na albufeira de Salamonde. No seu curto percorrido polas rochas da serra atopa, e salva un forte desnivel nunha estreita gorxa rochosa para cair de gran altura nunha fermosa poza.

COMO CHEGAR

A ruta faise desde Pincaes, seguindo os indicadores na localidade, e logo o camiño que vai durante un treito ao pé dunha levada da auga. Temos que camiñar un quilómetro para chegar, sen perda, á fervenza e outro para volver.

